

Os Bolechas^{® TM}

PEPE CARREIRO

IDENTIFICACIÓN con MICROCHIPS



INFORMACIÓN PARA PAIS E EDUCADORES

Ter unha mascota supón unha gran responsabilidade. Ademais de mantela sa e feliz, debemos garantir a súa seguridade e a do resto de animais e persoas cumprindo a lexislación sobre identificación individual con microchips, que permite saber datos básicos do animal e dos seus donos.

Posto que os cans adoitan ser a mascota preferida dos máis pequenos, é importante transmitirles desde ben novos as responsabilidades e obrigas que require ter un can, neste caso relacionadas coa súa identificación, ao tempo que se lles dá a coñecer as vantaxes que ten a implantación do microchip para todos: animais, donos e sociedade en xeral.

Para iso programamos unha unidade didáctica moi sinxela dirixida á primeira infancia (2 a 6 anos), co fin de poder traballar na casa ou na escola con eles o tema da identificación individual con microchips obrigatorio desde xullo de 2003 para todos os cans da comunidade autónoma de Galicia.

APRENDIZAXE


- Formación persoal e social
 - adquirir hábitos de coidado animal
 - valorar as consecuencias das propias accións
 - coñecer a relación de utilidade entre o home e os animais e valorala
 - adquirir habilidades sociais básicas
- Educación cidadá
 - aprender a respectar as normas
 - desenvolver hábitos de coidado e respecto cara os animais
 - manter relacións respectuosas e afectivas co entorno próximo
- Coñecemento do medio
 - observación e exploración do contorno próximo
 - coñecemento e interacción co mundo físico
 - observación de animais próximos a nós para descubrir algunhas das súas características · morfolóxicas e funcionais
- Educación para a saúde
 - garantir un control sanitario da poboación canina
 - fomento de hábitos saudables
- Conceptos básicos:
 - vocabulario específico
 - lexislación básica
- Actividades lóxico-matemáticas: establecer relacións
- Educación artística: debuxar, colorear, diferenciar cores (verde/vermella)...
- Grafomotricidade e maduración motriz: relacionar




1. APRENDER



A identificación dos cans e dos animais considerados como potencialmente perigosos está regulada por lei.




Para identificar o noso can temos que poñerlle un microchip, un dispositivo electrónico diminuto que se implanta baixo a pel do pescozo mediante unha inxección, e que leva un código individualizado cos datos do animal e do propietario.




Os datos dos cans almacénanse nun sistema informático que se chama REGIAC (Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía), propiedade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.




A implantación do microchip debe ser realizada por veterinarios actúantes do REGIAC, autorizados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Días despois de efectuar a identificación recíbese unha tarxeta acreditativa.



Grazas ao microchip podemos recuperar facilmente animais extraviados ou roubados. Ademais axuda a garantir un control sanitario da poboación canina.



O microchip fomenta a tenza responsable e evita posibles abandonos. Ter unha mascota supón unha gran responsabilidade; o seu benestar depende de nós e temos que garantir a súa saúde e benestar durante toda a súa vida.



Recorda que a túa mascota debe visitar o veterinario regularmente, aínda que estea sa, para previr a aparición de enfermidades coa aplicación de vacinas e eliminación de parasitos.



2. O SABICHÓN

Rodea en cor **vermella** o que **NON debemos facer** e en cor **verde** o que **SI debemos facer** na rúa.

Deixar solto o
noso can pola rúa
para que corra



Poñerlle sempre
microchip



Se o can é
pequeno, basta
identificalo cun
colar



Avisar se
atopamos un can
perdido



Manter o
animal limpo e
ben alimentado



Levar o can ao
veterinario aínda
que estea san

3. XOGOS / ACTIVIDADES

A. DEBUXAR E IDENTIFICAR

Debuxa aquí o teu can –ou o que che gustaría ter–, e despois cobre a tarxeta cos seus datos. Se non sabes escribir, pide axuda para que alguén escriba os datos que ti lle des.

Datos do can/cadela

Nome: _____

Idade: _____

Raza: _____



Datos do propietario/a

Nome: _____


Idade: _____

Enderezo: _____

B. ESCRIBIR E COLOREAR


Repasa as palabras e despois colorea o debuxo.

can microchip




C. LABIRINTO

Leva a Chispa ata o veterinario para poñerlle o microchip.



D. RELACIONAR

Coñeces as razas dos cans? Une cada can co nome da súa raza, seguindo o exemplo.



beagle

boxer

can de palleiro

pastor belga



podenco galego

pequínés

pastor alemán

husky siberiano

grifón



E. PALABRAS ENCADEADAS

Escrebe as palavras que aparecem debuxadas nos seus espazos.



L
S



M		C				C			
---	--	---	--	--	--	---	--	--	--







		H				O	
--	--	---	--	--	--	---	--

E. MANUALIDADES

Recorta e pega o recortable de Chispa.

